

TRIBUNA

¿Sería o neno Xesús?

Por que os personaxes das historias, contos, fábulas, chistes, narracións teñen que ser sempre imaxinarios?

Por que o autor deste relato non pode ser o protagonista do mesmo, debido a unha abraiente e incríble vivencia que tivo?

Por que a vida de cada quén non pode dar unha reviravolta nun intre determinado facéndonos abrilios os ollos para que nos demos conta de que si as ficcions sempre se cocen nos pucheiros da imaxinación máis ou menos portentosa, a realidade ben pode envolvernos nunha nube fantástica que nos traslade ata os eidos onde se atopan os benaventurados?

De verdade que o que vou contar aquí non foi un sono, foi unha experiencia intensísima. Non foi unha quimera, foi un feito real. Non foi unha ilusión paranoica, foi unha pasaxe na miña vida que vai quedar para sempre gravada nela.

Velaquí, pois, o acontecemento do que fun protagonista principal sen mo proponer:

Aquel sábado, día 16, ás seis do serván, celebrábase o pregón do Nadal no

pobo de Begonte. Para min, algo que é así coma unha chave que abre ano tras ano o tempo de achegarse ata aló, para mergullarnos na contemplación do seu inigualable Belén.

Segundo se sabe a Porta Santa da Catedral de Santiago de Compostela ábrese dándolle tres petos cun martelo de prata o día 31 de cada Nadal, cando ese día é víspera do comienzo dun Ano Xacobeo. Mais por estes eidos, a porta da solidariedade, da xenerosidade, da fraternidade, a porta do AMOR –con maiúsculas– ábrense de par en par as xentes de Begonte porque os homes e mulleres deste pobo posúen unhas ansias e unhas angueira incansables para levalo (¡que eu coido que xa o levaron!) ata os máis altos e brillantes cumios que poda haber no terreo do renome e da fama, pola sinxela razón de que eles tódolos anos, lémbranse de singular maneira do nacemento do Fillo de Deus.


Aquel sábado, digo, quedei de agardar ó meu amigo Dito (na pía de cristianar, Benedicto) nun punto determinado da avenida de Ramón Ferreiro da capital luguesa, lugar donde me recollería para ir os dous xuntos no seu coche ata Begonte, en cuia igrexa parroquial, o se-

“
De verdade que
o que vou contar
aquí non foi
un sono

nor bispo da diocese de Lugo, ía pronunciar devandito pregón do Nadal.

O reloxo marcaba as cinco dunha tarde invernal, e naquela hora foime permitido ver como choraba o sol porque se tiña que deitar tan cedo na cama que

Fuco de Cambria



ten tralo monte Picato, Unha bandada de estorniños chiábanlle á noite que os estaba axexando tralo lusco e fusco do día. A mornura da tardíña axudábanos a telo corazón máis dondo.

Así, desa maneira, atopábame apampado agardando polo meu amigo. De súpeto, sen saber por onde poidera xurdir, achegouse a min un neno, así coma de catro ou cinco anos e mirándome candidamente aos meus ollos, díxome con afabilidade anxelical:

“¡Señor!. ¿Dame vostede algo para mercar un doce!”.

“E canto che custa?”. –Respondinlle e pregunteille ao mesmo tempo, coma bó galego que coido son.

“Dez pesos”. –Dixo o meniño.

“¿ E pódeme dicir canto levas xuntando ata de agora?”. –Inquirín eu con vella e taimada socarronería.

O neno non me contestou, senón que meteu a man no peto do calzón e sacando dúas moedas de cinco pesos, desas que teñen o burato no medio, dixonamentras mas amosaba: “¿Vé?”.

“¡Entón xa tes para un doce!. ¿Para que queres mais?. ¿Porque mintes?” pregunteille con malicia de sabido.

¿Sería o neno...?

E o picariño, poñendo cara de santiño, tan bela e fermosa coma nunca outra vira na miña vida, díxome cunha voz semellante a que deben de telos anxos do ceo: “¡Non lle minto, señor! E que o outro quero levarilo a miña mamá”.

Semellante resposta fixo o efecto de que aló dentro de min, algo se rompese. Crebou tódolos meus esquemas de home urbanita e insolidario. Nequel inesquencible intre puiden vela inocencia sentada no trono da pureza a cal nomeaba ao más impoluto, san, limpo e sacro sentimento de tódolos humáns: o amor inmaculado.

Nublouseme a vista e non souben onde me atopaba, namentras que o meu corazón —que non as miñas mans— dabanlle ao neno unha moeda de cen pesos...

Voltei á realidade ao sentir unhos berros. Era o Dito que me chamaba dende o seu automóbil. Cando me sentei onde a el acusoume de ser un pasmón e de outras mil e catrocentas cousas porque o fixen agardar, namentras que eu —dixo— parlaba moi tranquilamente cun pequeno.

Arrincou para ir cara ó noso destino. Chegamos aló sen novedá. Aparcou o coche mesmo a carón da igrexa. E xa dentro do templo begontino, cando o señor bispo de Lugo pronuncia ba o seu pregón, oinlle decir que a mellor inversión que se pode facer nesta vida é no “negocio” do amor. E oinlllo de verdadeira casualidade porque eu atopábam e medio extasiado contemplando a Virxe do Corpiño que se venera en toda a comarca. Ela, que tamén ten un meniño no seu colo fixo que me lembrase da parola que tiven con aquel “chavaliño” todo dozura, todo candor, todo inxenuidade ao estar agardando polo Dito nunha das beirarrúas da avenida de Ramón Ferreiro de Lugo.

Foi entón nese intre, ao atoparme así ensumido, cando me pareceu que a Virxe ceneábame coa súa cabeza, namentras me facía a regalía dunha sorrisa...

Sentín coma o meu corazón se me alporizaba. Que me tremelicaban tódolos sentidos. Coma si o meu espírito estivese fora de min. E coa seguridade de que se acendera unha luz no máis fondo da miña alma, pregunteime asolagado polo tremor e a ledicia, polo medo e o xúbilo, pola racionalidade e a dúbida de si estaría sufrindo un ataque de esquizofrenia, se aquel picariño que ho serán do día 16 do Nadal me pidiu unha esmola para mercar un doce, non sería o Neno Xesús.